

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E AUTORIZACIÓN DE GASTO

Órgano que propón a contratación:

Presidencia do CIXUG

Expediente	CX-24-02
Cualificación do contrato	Subministración
Procedemento de adxudicación	Aberto
Contrato suxeito a regulación harmonizada	Si
Financiado con Fondos Europeos	Non

Na reunión do Consello de Goberno celebrada o pasado 05 de decembro de 2023 aprobouse por unanimidade, dentro do apartado 7.4 e 7.5 da orde do día de dito consello, diversos procesos de licitación a desenvolver durante o ano 2024, entre os que se encontraba o relativo ao expediente de contratación da subministración e cesión de dereitos de uso para a plataforma SIEM (Security Information and Event Management), en modalidade SaaS da ferramenta Splunk ou equivalente para as Universidades que forman parte do Consorcio CIXUG (Universidade de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), en adiante as Universidades do SUG.

CONSIDERACIÓNS

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado.
2. Polos servizos xurídicos y técnicos foron elaborados os pregos de bases xurídicas e de prescricións técnicas.

3. O gasto condicionouse á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios **2025, 2026 e 2027**.
4. O órgano de contratación é o presidente do Consorcio CIXUG.
5. Consta a existencia do informe acerca da necesidade e idoneidade da contratación, así como sobre a insuficiencia de medios.

En virtude de todo o exposto,

RESOLVO:

1. Aprobar o expediente de contratación da subministración, suxeito a regulación harmonizada, de cesión de dereitos de despregue, uso e soporte da licenza de **Splunk Cloud Platform ou equivalente con 10 unidades SVCs, 150 GBytes diarios, 13.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Searchable (DDAS), 41.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Archive (DDAA)**, por **2 anos prorrogables un ano**. Será unha solución **SaaS nativa exclusiva para o SUG**, con **SLA de dispoñibilidade e conservación de datos**. Inclúe **licenza de Cribl Stream** para optimización de eventos no período 2025 ao 2027, cuxo orzamento base de licitación ascende a **292.578,00 € IVE** incluído.
2. Aprobar os pregos de bases xurídicas e de prescricións técnicas que rexerán a contratación.
3. Autorizar o gasto para a execución do contrato condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios **2025, 2026 e 2027**.
4. Acordar a apertura do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela á data da sinatura electrónica,

D. Antonio López Díaz
Presidente